

Instruccións
internas de
contratación da
FUNGA

INSTRUCCIÓN XERAIS.

1. Antecedentes.

No ano 1996 a Xunta de Galicia creou a Fundación Galega para a Tutela de Adultos (FUNGA).

A Fundación foi clasificada como mixta por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 19 de decembro de 1996 e adscrita o Protectorado de antedita Consellería. Foi declarada de interese galego por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 10 de xaneiro de 1997 e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego có número 1996/14. Por Orde do 21 de marzo de 2006 se modifica a clasificación da Fundación Galega para a Tutela de Adultos e se adscribe á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia como departamento competente para o exercicio das funcións de protectorado.

No ano 2006, a través das modificacións estatutarias pertinentes, procedeuse á adaptación normativa dos seus estatutos á lexislación vixente na época e a un aumento das súas competencias, en concreto as vinculadas á dependencia, así como á modificación da estrutura dos órganos de goberno e directivo e da denominación da Fundación, adaptándoa a esta asunción de competencias e pasando a denominarse Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

O 3 de maio de 2011 o Padroado da Fundación, acordou a modificación dos Estatutos Fundacionais. Esta modificación foi aprobada polo Consello da Xunta, e foi elevada a documento público en data 8 de xuño de 2011.

A modificación, comprende o cambio de denominación - Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA)- , cambio de na estrutura dos órganos de goberno e directivos e especialización nas funcións tutelares.

Os fins da Fundación serán sempre de interese xeral e teñen como cometido a defensa e protección das persoas beneficiarias dos servizos prestado pola FUNGA. Podemos agrupalos na protección xurídica, social, persoal e patrimonial dos beneficiarios a través do exercicio da tutela e da curadoría, no caso de persoas incapacitadas xudicialmente, da defensa xudicial, no caso das persoas incursas nun procedemento de incapacitación ou de nomeamento da persoa ou entidade a exercer o cargo protector, e a través da administración xudicial do patrimonio nos casos nos que proceda.

A FUNGA pode precisar da contratación de empresas ou institucións para o seu desenvolvemento, orientados a satisfacer axeitadamente as necesidades dos proxectos e actividades que lle son encomendadas.

De acordo cos criterios establecidos nos artigos 3.1.f) e 3.3.b) da LCSP, a FUNGA ten a consideración de poder adxudicador, o que vén determinar o marco xurídico aplicable aos seus procedementos de contratación, así como a necesidade de dotarse dunhas Instrucións internas de contratación de acordo co previsto no artigo 175 da LCSP.

Coa finalidade de cumprir a devandita esixencia, procedeuse a aprobar as presentes Instrucións internas de contratación, de conformidade co previsto na LCSP.

As presentes Instrucións, son de obrigado cumprimento para a FUNGA, tal e como sinala a LCSP, polo que se poñen a Instrución de tódolos interesados en participar nos procedementos de adxudicación dos contratos regulados nelas e publicados no Perfil de Contratante da FUNGA.

2. Obxecto, alcance e ámbito de aplicación.

O obxecto das presentes Instrucións é dar cumprimento ao previsto no artigo 175 da LCSP, regulando uns procedementos internos de contratación, de obrigado cumprimento no ámbito interno da FUNGA, que garantan a efectividade dos principios de publicidade, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, así como que o contrato sexa adxudicado ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa.

Aínda que o obxecto destas Instrucións é, esencialmente, articular os procedementos de contratación non suxeitos a regulación harmonizada, nas presentes Instrucións faise referencia aos contratos suxeitos a regulación harmonizada co obxecto de identificalos. Precisar as Instrucións da LCSP que configuran o seu marco xurídico e sinalar a xurisdición competente para coñecer dos actos que dite a FUNGA en relación cos mesmos, todo iso co obxecto de clarificar, dende a perspectiva das presentes Instrucións, o novo réxime xurídico de contratación aplicable a FUNGA.

Quedan, pois, sometidos ás presentes Instrucións na forma e termos previstos nesta, os contratos onerosos, calquera que sexa a súa natureza xurídica, que celebre o poder adxudicador.

3. Principios que rexen a contratación

Os procedementos de contratación da FUNGA fundamentaranse no respecto aos seguintes principios:

- Publicidade
- Concorrenca
- Transparencia
- Confidencialidade
- Igualdade
- Non discriminación

Co fin de garantir a observancia dos principios enunciados, nos procedementos de contratación que tramite a FUNGA observaranse en todo caso as seguintes regras:

- a) Con carácter xeral o principio de publicidade entenderase cumprido mediante a difusión da información contractual da FUNGA no seu perfil do contratante, sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade naqueles supostos en que se estime conveniente.
- b) O obxecto dos contratos describirase sempre de forma non discriminatoria, sen facer referencia a una fabricación ou procedencia determinada, nin a produtos particulares nin referirse a una marca, patente, tipo, orixe ou produción determinados, salvo se unha referencia deste tipo se xustificase adecuadamente e vaia acompañada da mención "ou equivalente".
- c) Non se imporá ningunha condición que supoña una discriminación directa ou indirecta fronte a licitadores potenciais doutros Estados Membros.
- d) No caso de que se esixa aos candidatos que presenten títulos, certificados ou outro tipo de documentación xustificativa, os documentos procedentes doutros Estados Membros deberán aceptarse de conformidade co principio de recoñecemento mutuo de títulos, certificados e outros diplomas.

e) Naqueles contratos en cuxo procedemento de adxudicación concorran máis dun licitador, a FUNGA garantirá que todos eles dispoñan da mesma información sobre o contrato en idénticas condicións, así como que a información facilitada polos mesmos á FUNGA con ocasión do procedemento de contratación será tratada e gardada por esta coa debida confidencialidade.

As presentes Instrucións internas de contratación garanten o cumprimento dos sinalados principios e impón aos órganos de contratación da FUNGA, en todo caso, unha actuación orientada, en todo momento, á satisfacción dos sinalados principios.

4. Negocios e contratos excluídos.

Están excluídos do ámbito das presentes Instrucións os seguintes negocios e relacións xurídicas:

- i. Os contratos regulados na lexislación laboral, os celebrados coas persoas traballadoras autónomas, dependentes e bolseiros.
- ii. Os negocios e relacións xurídicas regulados no artigo 4 da LCSP, na medida que sexan aplicables polo poder adxudicador.

5. Cualificación, clases e tipos de contratos a celebrar pola FUNGA.

Os contratos de obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministración, servizos e de colaboración entre o sector público e o sector privado que celebre o poder adxudicador cualifícanse de acordo coas normas contidas no LCSP.

Os restantes contratos cualifícanse segundo as normas de dereito privado que lle sexan de aplicación.

Os contratos que pode celebrar a FUNGA clasifícanse nas seguintes categorías esenciais:

- a) Contratos suxeitos a regulación harmonizada.
- b) Contratos de servizos das categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros (IVE excluído).
- c) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada de contía superior a 50.000 euros e contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía inferior a 193.000 euros e superior a 50.000 euros.
- d) Contratos, salvo os de obras, de contía igual ou inferior a 50.000 euros (IVE excluído).
- e) Contratos menores.

A efectos de determinar a clase de contrato e, por conseguinte, os trámites a seguir para a súa adxudicación, computarase o importe das prórrogas incluídas nos contratos como parte integrante do importe total do mesmo.

Para a cualificación dos tipos de contratos de obras, de subministración e de servizos atenderase ás definicións contidas nos artigos 6, 9 e 10 da LCSP.

Só poderán fusionarse prestacións correspondentes a diferentes tipos de contratos nun contrato mixto cando as devanditas prestacións atópanse directamente vinculadas entre si e manteñan relacións de complementariedade que esixan o seu tratamento como unha unidade funcional dirixida á satisfacción dunha determinada necesidade ou á consecución dun fin propio da FUNGA. En tal caso, atenderase, para a determinación das normas que deban observarse na súa adxudicación, ao carácter da prestación que teña máis importancia dende o punto de vista económico.

6. Órganos de contratación da FUNGA.

A representación do poder adxudicador en materia contractual corresponde ao Padroado da Fundación.

O Padroado da Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (FUNGA) delegou no/a Director/a Técnico/a as súas competencias e facultades nesta materia ata o límite da contía correspondente aos contratos menores segundo o establecido na normativa de contratación do sector público.

Cando as contías da contratación superen os 6.600 euros comunicarase o gasto á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 7 da Lei 7/1998 de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión, e as sucesivas que se podan establecer.

A tramitación de expedientes que comporte a modificación de convenios que fosen previamente autorizados polo Consello da Xunta requirirá autorización do mesmo órgano. Non obstante, non será precisa esta autorización cando a modificación non supoña unha alteración do obxecto nin comporte incremento do importe total ou no número de exercicios orzamentarios, sempre que a distribución do importe correspondente a cada exercicio respecte os límites aos que fai referencia o artigo 58º.3 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1/1999, do 7 de outubro.

Para a autorización de contratos de colaboración entre o sector privado, así como dos contratos de concesión de obra pública, tipificados na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, requirirase que, con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación dos pregos que rexen estes tipos de contratos, a Consellería de Facenda emita informe preceptivo e vinculante comprensivo dos seguintes extremos:

- Análise do custo financeiro da operación no seu conxunto, distinguindo o custo da obra que se vai realizar dos servizos adicionais ou accesorios incluídos na contratación, co obxecto de verificar a súa idoneidade e para garantir que o financiamento utilizado é o mais apropiado de acordo coas condicións existentes nos mercados.
- Análise da repercusión dos compromisos asumidos por este tipo de operación sobre os orzamentos futuros e a súa incidencia sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Este informe conterá detalle dos compromisos de pagamento futuros da Comunidade Autónoma de Galicia derivados da colaboración público-privada asumidos con anterioridade.
- Análise do seu tratamento en termos de contabilidade nacional.
- Análise de coherencia da actuación que se vai realizar coa planificación estratéxica da Xunta de Galicia e a súa incidencia económica galega e no equilibrio territorial.
- Análise dos mecanismos de captación de financiamento e as garantías que se prevé utilizar durante a vixencia do contrato.

7. Responsable do Contrato.

O órgano de contratación poderá designar a un responsable do contrato, de acordo co disposto no artigo 41 LCSP, coa función de supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as Instrucións necesarias para asegurar a correcta execución da prestación que constitúa o seu obxecto, de acordo coas facultades que lle outorgue o órgano de contratación.

O exercicio desa función poderá atribuírse a unha persoa física ou xurídica, vinculada á FUNGA ou allea a ela; neste último caso a súa designación requirirá a celebración do oportuno contrato de servizos.

Nos contratos de obras, as facultades do responsable do contrato entenderanse sen prexuízo das que correspondan ao Director Facultativo das mesmas.

8. Perfil de Contratante.

De conformidade co artigo 42 da LCSP, e co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual da FUNGA, o órgano de contratación difundirá, a través da súa páxina Web, o seu perfil de contratante.

No perfil de contratante constará tanta información resulte relevante en relación cos procedementos de contratación que celebre a FUNGA e, en todo caso, a que se esixa expresamente na LCSP, nas presentes Instrucións, e no artigo 10 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

A forma de acceso ao perfil de contratante especificarase na páxina Web da FUNGA e na plataforma de contratación da Comunidade Autónoma de Galicia (<http://www.contratosdegalicia.es/>).

O sistema informático que soporta o perfil de contratante da FUNGA contará cun dispositivo que permita acreditar o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúa no mesmo, todo iso en garantía do principio de publicidade e transparencia.

Ao obxecto de dar cumprimento ás esixencias do artigo 175 da LCSP, as presentes Instrucións publicaranse no perfil do contratante, quedando a Instrución de todos os interesados en participar nos procedementos de contratación celebrados pola FUNGA.

9. Aptitude dos empresarios para contratar coa FUNGA.

Para contratar coa FUNGA todo empresario deberá acreditar que ten plena capacidade de obrar, non estar incurso nas prohibicións para

contratar enumeradas no apartado 1º do artigo 49 da LCSP e que ostenta solvencia económica, financeira, técnica ou profesional, debendo contar así mesmo coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. A estes efectos, tomaranse en consideración as normas contidas no Capítulo II do título II do Libro I.

Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditar os mesmos especificaranse no prego de condicións que rexerán a contratación, debendo estar vinculados ao seu obxecto e ser proporcionais ao mesmo.

Para os contratos que non estean suxeitos a regulación harmonizada poderanse admitir outros medios de proba de solvencia, debidamente especificados no prego de condicións, distintos dos previstos nos artigos 64 a 68 da LCSP.

Conforme ao sinalado no artigo 54.5 da LCSP, a FUNGA esixirá unha determinada clasificación á hora de definir os requisitos de solvencia naqueles supostos en que así se estime conveniente polo órgano de contratación en atención ás especiais características do contrato a adxudicar, facéndoo constar de forma expresa no prego de condicións.

A teor do disposto no artigo 35.1 da Lei 15/2010, os órganos de contratación da FUNGA poderán reservar a participación en determinados procedementos de adxudicación de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral, sempre que a súa finalidade ou a súa actividade, de acordo coas súas normas reguladoras, estatutos ou regras fundacionais, teña relación directa co obxecto do contrato.

Os obxectos contractuais susceptibles de reserva serán as obras e servizos de conservación e mantemento de bens inmobles, os servizos de conserxería, mensaxería e correspondencia, os servizos de xardinería e

forestal, de artes gráficas, limpeza e lavandería, de restauración, de recollida e transporte de residuos, de fabricación de roupa de traballo e servizos e de suministros auxiliares para o funcionamento do sector público. Os órganos de contratación poderán ampliar a reserva a outros obxectos contractuais atendendo á súa adecuación ás prestacións dos centros e empresas a que se refire o presente artigo.

O importe global dos contratos reservados será determinado por cada entidade con un límite mínimo do 3% e máximo do 5% do importe dos contratos adxudicados no exercicio presupostario inmediatamente anterior mediante contratos menores ou procedementos negociados por razón da contía.

10. Sucesión no procedemento.

Si durante a tramitación dun procedemento e antes da adxudicación se producise a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederalle na súa posición no procedemento as sociedades absorbentes, as resultantes da fusión, as beneficiarias da escisión ou as adquirentes do patrimonio ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a súa solvencia e clasificación nas condicións esixidas no prego de condicións para poder participar no procedemento de adxudicación.

11. Renuncia e desestimento.

O órgano de contratación, antes de ditar a adxudicación poderá renunciar a celebrar o contrato por razón de interese público, ou desistir do procedemento tramitado cando adoeza de defectos non subsanables.

En caso de renuncia, o órgano de contratación non poderá promover unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razón alegadas para fundamentar a renuncia.

O desestamento do procedemento non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.

12. Racionalización da contratación.

A FUNGA poderá utilizar sistemas para a racionalización da contratación de acordo co previsto no artigo 179 e concordantes da LCSP. A tal efecto, poderá subscribir contratos marco, establecer sistemas dinámicos de contratación, centrais de compras ou poxas electrónicas, de acordo co que en cada caso se prevexa nos correspondentes pregos de condicións. As publicacións ás que se fai referencia nos artigos 180 e seguintes da LCSP entenderanse cumpridas mediante a inserción do correspondente anuncio ou información no Perfil do contratante.

13. Recurso especial en materia de contratación.

Caberá o recurso especial en materia de contratación á que se refire o artigo 310 e seguintes da LCSP contra os seguintes actos:

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexe-la contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a posibilidade de continua-lo procedemento ou produzan indefensión ou perxuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continua-lo procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.

14. Modo de solución de controversias

A FUNGA establecerá nos pregos de condicións o modo para resolver as controversias que poidan xurdir en relación cos efectos, cumprimento e extinción dos contratos que celebre, sinalando unha das posibilidades seguintes:

- Sometemento ao foro xurisdiccional dos Xulgados e Tribunais do lugar de celebración do contrato.
- Arbitraje en dereito, ante a Corte de Arbitraje das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación da provincia correspondente ao lugar de celebración do contrato ou outras específicas por razón da materia do contrato. En contratos internacionais poderá someter os efectos e a extinción á Corte de Arbitraje Internacional.

Pola súa banda, a orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación do contrato enunciado na Instrución 13 (recurso especial).

A orde xurisdiccional civil ordinaria será competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación dos contratos fronte a os que nos cabe a interposición do recurso especial, e en todo-los contratos cando se trate de reclamacións sobre efectos, cumprimento e extinción.

Os pregos de condicións ou, cando estes non existan, o contrato, poderán someterse a arbitraje, conforma as Instrucións da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de Arbitraje, a solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción dos contratos.

15. Réxime xurídico.

Os contratos que celebre a FUNGA terán carácter privado, rexéndose, en canto a súa preparación e adxudicación, polos pregos de condicións que se aproben, polas presentes Instrucións internas e, no non previsto nas mesmas, polas Instrucións contidas na LCSP; no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, no que non contradiga á LCSP ata que se aprobe o seu Regulamento de desenvolvemento; no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de Outubro, de contratos do Sector Público; na Lei 16/2010 de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia; na Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego; e supletoriamente, polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado. En canto aos efectos e extinción , os contratos rexeranse polo dereito privado.

PREPARACIÓN DOS CONTRATOS

16. Contratos suxeitos a regulación harmonizada.

16.1. Limiares.

Teñen a consideración de contratos suxeitos a regulación harmonizada os contratos que celebre a FUNGA que se engloben nalgunha das categorías enumeradas nos artigos 13 a 17 da LCSP, e en concreto:

- a) Contratos de obra cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 4.845.000 euros (IVE excluído).
- b) Contratos de administración cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros (IVE excluído).
- c) Contratos de servizos das categorías 1 a 16 do Anexo II da LCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros (IVE excluído).
- d) Os contratos subvencionados a que se refire o artigo 17 da LCSP.

16.2. Preparación.

A preparación desta clase de contratos esixirá a existencia dunha "documentación preparatoria" do contrato ("expediente de contratación") que referirase aos seguintes extremos:

1. Memoria xustificativa na que se determine a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas. Esta Memoria emitirase polo responsable técnico que teña a necesidade que se pretende satisfacer coa contratación.
2. Xustificación da existencia de crédito orzamentario suficiente e axeitado, mencionando o crédito orzamentario ou o programa ou rúbrica contable con cargo á que se aboará o prezo, no seu caso.

Incorporación do certificado de crédito ou documento que legalmente o substitúa.

3. Prego de condicións no que figurarán, como mínimo, os seguintes extremos:

- Definición do obxecto do contrato: O obxecto de contrato será determinado.

No prego de condicións poderase prever o fraccionamento en lotes así como a posibilidade de que os licitadores oferten melloras ou variantes, con expresión dos seus requisitos, límites, modalidades e aspectos do contrato sobre os que son admitidas.

- Referencia á lexislación aplicable ao contrato. Remisión ás presentes Instrucións a efectos de que os licitadores queden vinculados por elas.
- Identificación do órgano de contratación.
- Designación, no seu caso, do responsable do contrato.
- Forma de acceso público ao perfil do contratante do órgano de contratación.
- Condicións de aptitude esixibles. Inclúranse, no seu caso, as regras aplicables en relación coas empresas comunitarias e non comunitarias, as condicións especiais de compatibilidade, a posibilidade de concorrer en unións e agrupacións de empresarios, así como as causas de prohibición para contratar coa FUNGA.
- As condicións mínimas de solvencia económica, financeira e profesional ou técnica, vinculadas ao obxecto do contrato e proporcionais a este, que se esixan para ser admitido á licitación, así como a documentación requirida para acreditar as mesmas de entre as previstas nos artigos 64 a 68 da LCSP.
- A esixencia de clasificación. Nos supostos do artigo 54 da LCSP a FUNGA poderá esixir unha determinada clasificación

aos licitadores para definir as condicións de solvencia requiridas para asinar ao correspondente contrato e, no seu caso, unha solvencia de forma subsidiaria para o caso de non dispoñer de clasificación, que fose equivalente a aquela.

A Clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivera.

Non será esixible a clasificación aos empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea, xa concorran ao contrato illadamente ou integrados nunha unión, sen prexuízo da obriga de acreditar a súa solvencia.

- As modalidades de recepción das ofertas. Nos pregos indícaranse a forma de presentación das ofertas (por escrito, mediante anuncios electrónicos, etc.).

No caso de que se admita a presentación por medios electrónicos, indícaranse as características e requisitos técnicos dos medios electrónicos, os sistemas admitidos que se han de aplicar nas transmisións, así como o formato dos documentos electrónicos admisibles.

Cando a forma de presentación sexa por escrito, indícaranse os documentos que deben presentar os licitadores acompañando a súa oferta así como o contido das proposicións.

Ademais indícarase nos pregos, así como no anuncio de licitación, a data, e no seu caso a hora, en que se pechará a admisión de candidaturas ou de proposicións, así como o lugar de presentación das mesmas.

- Previsión nos pregos de que a presentación das proposicións por parte dos interesados supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das condicións contidas nos mesmos, sen salvidade ou reserva ningunha.
- Fixación do presuposto máximo de licitación, atendendo ao prezo xeral de mercado, de conformidade cos artigos 75 e 26

LCSP, e, no seu caso, o cálculo do valor estimado do contrato de acordo coas regras legais contidas no artigo 76 da LCSP.

Ademais , os pregos conterán a previsión de que a cota correspondente ao Imposto sobre o Valor Engadido ou o tributo que o substitúa, indicárase como partida independente.

- No seu caso, as garantías provisionais e definitivas que se esixan, incluíndo o importe da/s mesma/s, as formas de presentación e constitución así como o réxime da súa devolución ou cancelación.
- Procedemento aplicable para a adxudicación do contrato (artigo 122.2 da LCSP), incluíndo os criterios de adxudicación.

Cando se aplique o procedemento negociado indicárase a causa que xustifica a súa aplicación e sinalárase os aspectos económicos e técnicos que, no seu caso, haxan de ser obxecto da negociación.

Cando se aplique o procedemento restrinxido indicárase os criterios obxectivos de selección das empresas ás que se cursará invitación a presentar oferta.

En canto aos criterios de adxudicación, e salvo as excepcións que poidan establecerse en resolución motivada do órgano de contratación cando a relación entre calidade e o prezo así o esixa, nos contratos adxudicados por mais dun criterio de selección, a ponderación do prezo como criterio de adxudicación do contrato non será inferior ao 40% da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas, en cumprimento do disposto no 10.5 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Así mesmo, indicárase os criterios para valorar o carácter anormal ou desproporcionado das ofertas.

- A forma de tramitación, sendo a normal a tramitación ordinaria. No caso de que a celebración do contrato sexa

necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou se resulta o preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público, o órgano de contratación poderá declarar urxente a súa tramitación, motivándoo debidamente no expediente de contratación. Neste caso será de aplicación o previsto no artigo 96.2.b) sobre redución de prazos.

- A Mesa de Contratación, especificando a súa composición e réxime de actuacións.
- A previsión sobre o recurso especial de contratación á que se refire s Instrución 13; a previsión expresa de que a proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto; e a previsións sobre a formalización e perfección do contrato.
- Prazo de duración do contrato, así como das datas estimadas para o comezo da súa execución e, no seu caso, das posibles prórrogas do contrato.
- Pactos, cláusulas e condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes do contrato, establecidos ao amparo do principio de liberdade de pactos regulado no artigo 25 da LCSP.
- As causas de incumprimento, demora ou execución defectuosa que darán lugar á imposición de penalidades, así como o importe das mesmas en diferentes supostos.
- No seu caso, a posibilidade de que o contrato sexa modificado e as condicións en que poderá producirse a modificación de acordo coas normas e os límites establecidos no artigo 202 da LCSP.
- As condicións de pagamento. O órgano de contratación poderá establecer como forma de aboamento do prezo o pago único á recepción do contrato ou mediante pagos a conta, indicando a frecuencia dos mesmos. Así mesmo, o órgano de contratación poderá dispoñer nos pregos a posibilidade de aprazamento do

pagamento de prezo, fixando nos mesmos as condicións a seguir a tal efecto.

- No seu caso, as condicións especiais de execución do contrato de acordo co artigo 102 da LCSP, coa previsión de que o incumprimento das mesmas constituirá unha infracción grave que poderá provocar, ademais da resolución do contrato, á aplicación da causa de prohibición para contratar prevista no artigo 49.2, letra e), da LCSP.
 - Os supostos en que procede a resolución de contrato.
 - A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista.
 - O réxime de invalidez do contrato a que se refire o artigo 31 e seguintes da LCSP.
 - No seu caso, o prazo de garantía, especificando cando empezará a transcorrer o cómputo do mesmo.
 - No seu caso, identificación das prestacións ou tanto por cento das mesmas susceptibles de ser subcontratadas polo contratista e o réxime aplicable á subcontratación.
 - Os gastos de publicidade (anuncios de licitación e da adxudicación tanto en boletíns oficiais, como, no seu caso, en outros medios de difusión) que debe aboar o adxudicatario.
 - No seu caso, previsión de sometemento a arbitraje da solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción do contrato.
 - No seu caso, información sobre as obrigas relativas á fiscalidade, á protección do medio, ao emprego, e as condicións laborais e información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo (artigos 103 e 104 da LCSP).
4. Prego de prescricións técnicas onde se recollerán as características técnicas das prestacións e a regulación sobre a forma de execución.

5. Resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o expediente de contratación e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

16.3. Publicidade

O anuncio de licitación publicarase no Diario Oficial da Unión Europea. Así mesmo, a FUNGA poderá publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial do Estado ou no Diario Oficial de Galicia así como nalgún medio de prensa ou comunicación.

O envío do anuncio de licitación ao Diario Oficial da Unión Europea será previo a calquera outra publicidade. Os anuncios que se publiquen noutros boletíns ou diarios deberán indicar a data daquel envío e non poderán conter indicacións distintas ás incluídas en dito anuncio.

Os anuncios de licitación publicaranse, así mesmo, no perfil de contratante da FUNGA e na plataforma de contratación da Comunidade Autónoma de Galicia (<http://www.contratosdeg Galicia.es/>).

O anuncio conterá a seguinte información:

- Obxecto/descripción da contratación.
- Requisitos mínimos de solvencia que terá que reunir o empresario e a documentación requirida para acreditar os mesmos.
- Prezo de licitación.
- Forma de acceso ao perfil do contratante.
- Lugar onde se poida dispoñer dos pregos da licitación.
- Forma, prazo e lugar de presentación de ofertas.
- Domicilio da FUNGA e medios de contacto.
- Data, lugar e forma de apertura das ofertas (a indicación da data de apertura poderá omitirse cando o órgano de contratación convoque individualmente aos licitadores ao acto de apertura de plicas).

- No seu caso, a posibilidade de que os licitadores ofrezan variantes ou melloras e os elementos ou condicións en que queda autorizada a súa presentación.
- No procedemento restrinxido, sinalaranse os criterios ou normas obxectivas e non discriminatorias que se terán en conta para seleccionar os candidatos que presentarán oferta así como o número mínimo e, no seu caso, o número máximo de aqueles aos que se invitará a presentar proposicións.
- No procedemento negociado con publicidade sinalaranse os aspectos económicos e técnicos que, no seu caso, serán obxecto de negociación coas empresas.

16.4. Adxudicación.

A adxudicación desta clase de contrato rexeráse polas normas do Capítulo I, Título I, Libro III da LCSP coas adaptacións contidas no artigo 174.1 do mesmo texto legal.

16.4.1. Criterios de valoración das ofertas.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderanse aos criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, tales como os que se indican no artigo 134 da LCSP.

Cando só se utilice un criterio de adxudicación, este será o do prezo máis baixo.

Na determinación dos criterios de adxudicación darase preponderancia a aqueles que fagan referencia ás características do obxecto do contrato que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

16.4.2. Órganos de Asistencia.

1. Mesa de contratación.

O órgano de contratación poderá estar asistida por unha Mesa de Contratación, para a valoración das ofertas dos licitadores. Nos pregos de condicións indicárase a súa composición así como o seu réxime de actuacións.

2. Colaboración de técnicos

Nos casos en que o órgano de contratación o estime conveniente, máxime cando a avaliación das ofertas segundo os criterios de adjudicación dependa dun xuízo de valor, poderá encomendar esta avaliación a un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos.

16.4.3. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

A adjudicación ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa non procederá cando, de conformidade co previsto nos pregos, o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de inclusión nesta de valores anormais ou desproporcionados.

O órgano de contratación sinalará nos pregos de condicións os parámetros obxectivos que permitan cualificar os valores anormais ou desproporcionados que fagan presumir que a proposición non poderá ser cumprida.

Para a valoración das ofertas desproporcionadas, o órgano de contratación poderá considerar a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

Cando se identifique una proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia ao licitador que

a haxa presentado para que se xustifique a valoración da oferta e precise as súas condicións.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador estimase que a oferta non pode ser cumprida, acordará a adxudicación a favor da seguinte proposición economicamente mais vantaxosa, de acordo coa orde en que fosen clasificadas e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

16.4.4. Procedementos de adxudicación.

Por aplicación do artigo 122 da LCSP a adxudicación realizarase, ordinariamente, utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido. Nos supostos enumerados nos artigos 154 a 159 da LCSP poderá seguirse o procedemento negociado, e nos casos previstos no artigo 164 poderá recorrerse ao diálogo competitivo. Nos concursos de proxectos seguirase o procedemento regulado na sección 6ª do Capítulo I.

Asemade a FUNGA poderá acudir a un procedemento de poxa electrónica nas condicións previstas no artigo 132 da LCSP.

16.4.4.1. Procedemento aberto.

No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

1. Prazos para a presentación de proposicións.

O órgano de contratación fixará os prazos de recepción das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato.

O prazo de presentación de proposicións non será inferior a cincuenta e dous días, contados dende a data de envío do anuncio de licitación á Comisión Europea (Diario Oficial da Unión Europea). Este prazo poderá reducirse en cinco días cando se ofrezca acceso por medios electrónicos aos pregos da licitación e a documentación complementaria e, poderá reducirse en sete días máis cando os anuncios se preparen e envíen por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

2. Exame das proposicións e proposta de adxudicación.

a) No caso de que se constitúa Mesa de contratación:

A Mesa de contratación cualificará previamente a documentación persoal dos licitadores a que se refire o artigo 130 da LCSP. A Mesa examinará o seu contido e deixará constancia da súa opinión respecto dos que deben ser admitidos o excluídos. De existir defectos materiais emendables, concederá un prazo para a súa emenda non superior a tres días hábiles.

O acto público de apertura de proposicións realizarase na data e no lugar previamente indicados no anuncio de licitación ou na convocatoria aos licitadores, salvo cando se prevexa que na licitación poidan empregarse medios electrónicos.

A Mesa de contratación, cando o considere oportuno para a mellor valoración das proposicións poderá solicitar aclaracións ou datos complementarios aos licitadores, sempre garantindo os principios de igualdade e non discriminación.

A Mesa de contratación, cando o considere oportuno para a mellor valoración das proposicións, máxime cando a avaliación das mesmas conforme aos criterios de adxudicación dependa dun xuízo de

valor, poderá solicitar os informes técnicos que estime pertinentes.

A Mesa de contratación emitirá a súa proposta de adxudicación e a elevará, xunto coas actas, informes técnicos que no seu caso se emitiran e as propostas dos licitadores, ao órgano de contratación.

b) No caso de que se opte pola non constitución da Mesa de contratación:

O órgano de contratación cualificará a documentación persoal dos licitadores.

O acto público de apertura de proposicións realizarase na data e no lugar previamente indicados no anuncio de licitación ou na convocatoria aos licitadores, salvo cando se prevexa que na licitación poidan empregarse medios electrónicos.

O órgano de contratación cando o considere oportuno para a mellor valoración das proposicións, poderá solicitar aclaracións ou datos complementarios aos licitadores, sempre garantindo os principios de igualdade e non discriminación.

Así mesmo, o órgano de contratación, cando o considere oportuno para a mellor valoración das proposicións, máxime cando a avaliación das mesmas conforma aos criterios de adxudicación dependa dun xuízo de valor, poderá solicitar os informes técnicos que estime pertinentes.

3. Adxudicación.

O órgano de contratación clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais conforme o sinalado no artigo seguinte. Para realizar dita clasificación, atenderá ós criterios de

adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes. Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a oferta económica máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

O órgano de contratación requirirá ó licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme o artigo 53.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e de constituí-la garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nos pregos.

As normas autonómicas de desenvolvemento de esta Lei poderán fixar un prazo maior ó previsto neste parágrafo, sen que se exceda o de vinte días hábiles.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, polo orden no que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudica-lo contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Nos procedementos negociados e de diálogo competitivo, a

adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

Non poderán declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase ós candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ó licitador excluído ou candidato descartado interpor, conforme o artigo 310 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- a) En relación ós candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestime a súa candidatura.
- b) Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admite a súa oferta.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que sexa seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presenten os restantes licitadores cuxas ofertas sexan admitidas.

Será de aplicación á motivación da adxudicación a excepción de confidencialidade contida no artigo 137 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público.

En todo caso, na notificación e no perfil de contratante indicárase o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme o artigo 140.3 desta Lei.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos designasen ó presenta-las súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós Servizos Públicos. Sen embargo, no prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, será de cinco días.

16.4.4.2. Procedemento restrinxido.

No procedemento restrinxido só poderán presentar proposicións aqueles empresarios que, a súa solicitude e en atención a súa solvencia, sexan seleccionados polo órgano de contratación. A tramitación do procedemento seguirase conforme ás normas establecidas nos artigos 147 e seguintes da LCSP.

No prego de condicións especificaranse os criterios obxectivos en atención aos cales o órgano de contratación cursará as invitacións para participar no procedemento. O número de empresas a invitar non poderá ser inferior a cinco e non poderá superar as vinte.

Unha vez seleccionadas as empresas participantes se lles requirirá para que presenten a súa proposición no prazo que se sinala a tal efecto.

En canto as cuestións relativas ao exame das proposicións, a proposta de adxudicación no caso de que se constituía Mesa de

contratación, e a adxudicación resultará de aplicación o disposto na Instrución 16.4.4.1.

16.4.4.3. Procedemento negociado.

Neste procedemento a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles.

O procedemento negociado poderá empregarse nos supostos previstos nos artigos 154 a 159 da LCSP.

O procedemento negociado será obxecto de publicidade previa nos casos previstos no artigo 161 da LCSP, nos que será posible a presentación de ofertas en concorrencia polos empresarios interesados. Nestes casos serán de aplicación as normas contidas nos artigos 147 a 150 da LCSP, de forma que o procedemento, en termos xerais, consistiría en:

- Delimitación nos pregos dos aspectos que van a ser obxecto de negociación.
- Anuncio de licitación no que se indicarán os criterios de selección e o número mínimo e máximo de empresarios admitidos para a negociación.
- Selección de candidatos e invitación aos candidatos seleccionados a presentar proposición.
- Notificación ós candidatos rexeitados.
- Presentación de proposicións polos candidatos seleccionados no prazo que se indique na invitación que curse o órgano de contratación.
- Negociación con cada licitador sobre os aspectos delimitados nos pregos de condicións.

- Clasificación de proposicións e adxudicación a oferta máis vantaxosa.

Nos restantes supostos, non será necesario dar publicidade ao procedemento e a concorrência se asegurará solicitando ofertas a un mínimo de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que sexa posible. De non ser posible, xustificárase este extremo no expediente de contratación. No prego de condicións se determinarán os aspectos económicos e técnicos que, no seu caso, haxan de ser obxecto de negociación coas empresas.

O órgano de contratación negociará cos licitadores as ofertas que estes presenten para adaptalas aos requisitos indicados no prego de condicións e, no seu caso, no anuncio de licitación, e nos posibles documentos complementarios, co fin de identificar a oferta economicamente máis vantaxosa.

No expediente deixarase constancia das incitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

En canto as cuestións relativas ao exame das proposicións, a proposta de adxudicación no caso de que se constitúa Mesa de contratación, e a adxudicación resultará de aplicación o disposto na Instrución 16.4.4.1.

16.4.5. Tramitación urxente.

No caso de que a celebración do contrato sexa necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou resulte preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público, o órgano de contratación poderá declarar a urxencia na súa contratación.

Os expedientes cualificados de urxentes tramitaranse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, coas seguintes especialidades:

- a) Os expedientes gozarán de preferencia para su despacho polos distintos órganos que interveñan na tramitación, que disporán de un prazo de cinco días para emitir-los respectivos informes ou cumprimenta-los trámites correspondentes.

Cando a complexidade do expediente ou calquera outra causa igualmente xustificada impida cumprir o prazo antes indicado, os órganos que deban evacua-lo trámite porano en coñecemento do órgano de contratación que declarase a urxencia. En tal caso o prazo quedará prorrogado dez días.

- b) Acordada a apertura do procedemento de adxudicación, os prazos establecidos nesta Lei para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade, salvo no prazo de quince días hábiles establecido no parágrafo primeiro do artigo 140.3 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público como período de espera antes da formalización do contrato.

Non obstante, cando se trate de procedementos relativos a contratos suxeitos a regulación harmonizada, esta redución non afectará ós prazos establecidos nos artigos 142 e 143 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público para facilitar información ós licitadores e a presentación de proposicións en procedemento aberto. Nos procedementos restrinxidos e nos negociados nos que, conforme o previsto no artigo 161.1 da Lei 30/2007 proceda a publicación dun anuncio da licitación, o prazo para a presentación de solicitudes de participación poderá reducirse hasta quince días contados dende o envío do anuncio de licitación, ou hasta dez, se este envío se efectúa

por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, e o prazo para facilita-la información suplementaria de proposicións a que se refire o artigo 150.4 da Lei 30/2007 reducirase a catro días. No procedemento restrinxido, o prazo para a presentación de proposición previsto no artigo 151.1 da mesma Lei poderá reducirse hasta dez días a partir da fecha de envío da invitación para presentar ofertas.

- c) O prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a quince días hábiles, contados dende a formalización. Se se excedese este prazo, o contrato poderá ser resolto, salvo que o retraso se deba a causas alleas á Administración contratante e ó contratista e así se fixera constar na correspondente resolución motivada.

16.4.6. Formalización do contrato.

Con carácter previo á formalización do contrato, o órgano de contratación comunicará o gasto á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, remitindo o extracto do expediente de contratación.

A formalización do contrato farase en documento privado no prazo establecido nos pregos de condicións.

O Contrato poderá elevarse a escritura pública, correspondendo asumilo custo á parte que o solicitara.

Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 310.1 da Lei 30/2007, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos. As Comunidades Autónomas poderán incrementar este prazo, sen que exceda de un mes.

O órgano de contratación requirirá ó adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel en que recibira o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que interpuxese recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederá cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 135.4 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, excepto nos casos previstos no artigo 97 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público.

A formalización dos contratos cuxa contía sexa igual ou superior ás cantidades indicadas no artigo 122.3 da Lei 30/2007 publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio da adxudicación.

Cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 100.000 euros ou, no caso de contratos de xestión de servizos públicos, cando o presuposto de gastos de primeiro establecemento sexa igual ou superior a dito importe ou o seu prazo de duración exceda de cinco anos, deberá publicarse, ademais, no "Boletín Oficial del Estado" ou nos respectivos Diarios ou Boletíns Oficiais das Comunidades Autónomas ou das Provincias, un anuncio no que se dea conta de dita formalización, nun prazo non superior a corenta e oito días a contar dende a fecha da mesma.

Cando se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada o anuncio deberá enviarse, no prazo sinalado no parágrafo anterior, ó "Diario Oficial de la Unión Europea" e publicarse no "Boletín Oficial del Estado".

No caso de contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II e de contía igual ou superior a 193.000,00 euros, o órgano de contratación comunicará a adxudicación á Comisión Europea, indicando se estima procedente su publicación.

Nos casos a que se refire o artigo anterior, o órgano de contratación poderá non publicar determinada información relativa á adxudicación e formalización do contrato, xustificándoo debidamente no expediente.

17. Contratos de servizos incluídos nas categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros (IVE excluído).

De acordo co artigo 121 da LCSP, os contratos de servizos incluídos nas categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros (IVE excluído), a pesar de non ter a consideración de contratos suxeitos a regulación harmonizada, para a preparación destes contratos seralles de aplicación o disposto nos artigos 101 a 104 da LCSP.

A adxudicación destes contratos realizarase de conformidade co previsto para os contratos non suxeitos a regulación harmonizada, polo que lles resultarán aplicables as previsións destas Instrucións referentes á adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada (Instrución 18).

Non obstante, as decisións que se adopten nos procedementos de adxudicación desta clase de contratos poderán ser obxecto do recurso especial en materia de contratación regulado na Instrución 13.

18. Contratos non suxeitos a regulación harmonizada de contía superior a 50.000 euros e contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía inferior a 193.000 euros e superior a 50.000 euros.

18.1. Preparación.

O expediente de contratación referirase aos seguintes extremos.

1. Memoria xustificativa na que se determine a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas. Esta Memoria emitirase polo responsable do departamento que teña a necesidade que se pretende satisfacer coa contratación. O mesmo departamento tamén elaborará as características técnicas que se incorporarán ao prego de condicións, ou en documento separado, nas que se definan as Instrucións de orde técnica conforme ás cales terán que executarse as prestacións polo contratista.
2. Xustificación da existencia de crédito orzamentario suficiente e axeitado, mencionando o crédito orzamentario ou o programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso.
3. Prego de condicións no que figurarán, como mínimo, os seguintes extremos:
 - Descrición do obxecto do contrato coas características básicas e esenciais do mesmo.
 - Prezo do contrato con especificación dos impostos aplicables.
 - Duración e prórrogas do contrato.

- Forma de adxudicación do contrato.
- Prazo de recepción de ofertas.
- Documentación a presentar polos licitadores que, no seu caso, vaian ser invitados a presentar oferta.
- Criterios obxectivos que se terán en conta para a adxudicación do contrato.
- Lugar e prazo de adxudicación do contrato.
- Garantías que deberán constituír, no seu caso, os licitadores ou o adxudicatario.
- Forma de pago e obrigaón da emisión de factura.
- Condicións de subrogación en contratos de traballo, no caso de que se impoña esta obrigaón ao adxudicatario.
- Outras condicións: Consideracións ambientais e/ou sociais; habilitacións e/ou certificacións derivadas do tipo de contrato; calquera outra condición que se considere necesaria para a correcta execución do contrato.
- Réxime xurídico do contrato e xurisdición competente.

4. Resolución do órgano de contratación aprobando o expediente de contratación e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

18.2. Publicidade.

Nesta clase de contratos, cando o importe de licitación supere aos 50.000 euros, publicarase o anuncio de licitación no perfil do contratante e na plataforma de contratación da Comunidade Autónoma de Galicia (<http://www.contratosdegalicia.es/>).

, cando se tramite polo procedemento aberto ou restrinxido, e unicamente no perfil do contratante cando se tramite polo procedemento negociado. Así mesmo, con carácter voluntario o órgano de contratación poderá publicar o anuncio de licitación no BOE ou DOGA ou nalgún medio

de prensa ou comunicación, sendo por conta do adxudicatario o custo dos mesmos.

No anuncio deberá constar como mínimo unha breve descrición dos detalles esenciais do contrato, do método de adxudicación, do prezo e do prazo de execución, da forma, lugar e prazo para a presentación de ofertas ou solicitudes de participación, e da forma de obtención dos pregos.

18.3. Adxudicación.

18.3.1. Criterios de valoración de ofertas.

Resulta tamén aquí de aplicación o disposto respecto aos contratos harmonizados en relación aos criterios de valoración das ofertas (Instrución 16.4.1). órganos de asistencia (Instrución 16.4.2) e ofertas con valores normais ou desproporcionados (Instrución 16.4.3).

18.3.2. Procedementos de adxudicación.

Remitímonos neste punto ao establecido na Instrución 16.4.4, si ben pola menor complexidade e importancia económica desta clase de contratos, teranse en conta os seguintes aspectos específicos:

1. Prazos de presentacións das proposicións.

O prazo de recepción das ofertas e solicitudes de participación será adecuado a tendendo á complexidade do contrato. Os prazos normais serán os seguintes:

- No procedemento aberto, o prazo para a presentación das proposicións non será inferior a quince días, contados dende a publicación do anuncio de licitación, salvo en contratos de obras e de concesión de obras, en que o prazo será, como mínimo, de vinte e seis días.

- No procedemento restrinxido, o prazo para a presentación de solicitudes de participación será como mínimo, de 10 días, contados dende a publicación do anuncio e o prazo para a presentación de proposicións non será inferior a quince días, contados dende a data de envío da invitación.

Cando se trate de contratos de escasa complexidade, o prazo reducirase a 10 días.

2. Presentación e recepción de ofertas.

Cada licitador non poderá presentar máis de unha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras, se o fixera individualmente. A contravención deste principio dará lugar automaticamente á desestimación de tódalas proposicións por este presentadas.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública.

Nos pregos establecerase a forma de presentación das ofertas (por escrito, mediante anuncios electrónicos, etc.). No caso de que se admita a presentación por medios electrónicos, indicaranse as características e requisitos técnicos dos medios electrónicos, os sistemas admitidos que se han de aplicar nas transmisións, así como o formato dos documentos electrónicos admisibles.

Cando a forma de presentación sexa por escrito, indicaranse os documentos que deben presentar os licitadores acompañando a súa oferta así como o contido das proposicións.

Ademais indicarse nos pregos, así como no anuncio de licitación, a data, e no seu caso a hora, en que se pechará a admisión de candidaturas ou de proposicións, así como o lugar de presentación das mesmas.

3. Procedemento negociado con publicidade no perfil do contrato.

Poderase utilizar este procedemento para os contratos comprendidos nas seguintes contías:

- Nos contratos de obras por importe superior a 50.000 euros (IVE excluído) e inferior a 1.000.000 euros (IVE excluído).
- No resto dos contratos de importe superior a 50.000 euros (IVE excluído) e inferior a 100.000 euros (IVE excluído).

O órgano de contratación poderá optar por unha das tramitacións que a continuación se indican:

- Cursando invitación a polo menos tres empresas, enviándolles o prego de condicións no que constarán as bases de negociación.

Publicarase no perfil do contratante a información relativa a tramitación do procedemento.

- Restringindo a lista dos licitadores aos que se invitará a presentar oferta. No anuncio de licitación que publicarse no perfil do contratante farase constar, como mínimo, unha breve descrición das características esenciais do contrato a adxudicar, así como os aspectos económicos e técnicos que, no seu caso, vaian a ser obxecto de negociación coas empresas e sinalarase o prazo no que, de conformidade co establecido nos pregos, os posibles interesados, poderán presentar as súas solicitudes de participación, e unha vez recibidas, o órgano de contratación, de conformidade cos criterios de selección dos candidatos establecidos nos pregos

solicitará oferta, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que elo sexa posible.

A selección dos empresarios aos que se lles propondrá a presentación de ofertas efectuarase conforme a criterios obxectivos e non discriminatorios, tales como a experiencia no sector, o tamaño e infraestrutura da empresa, coñecementos técnicos ou profesionais, etc.

Unha vez seleccionados os candidatos, estes presentarán as súas ofertas dentro do prazo fixado na invitación que curse o órgano de contratación, e se procederá a negociar cos mesmos os aspectos económicos e técnicos fixados no prego, co fin de identificar a oferta economicamente máis vantaxosa.

O órgano de contratación poderá nomear un membro do seu persoal como encargado das negociacións coas empresas licitadoras, sen prexuízo de posibilidade de constituír a Mesa de contratación.

4. Adxudicación.

O adxudicatario presentará a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de estar de alta no epígrafe correspondente do Imposto sobre Actividades Económicas, e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva Instrución dos medios que se comprometera a adscribir á execución do contrato, así como o xustificante da constitución da garantía definitiva que, no seu caso, sexa procedente, así como da constitución da Unión Temporal de Empresas cando proceda e da aportación dos subcontratos anunciados.

5. Notificación aos candidatos e licitadores e publicidade das adxudicacións.

A adxudicación notificarase aos licitadores e publicarase no perfil do contratante.

O órgano de contratación indicará nos pregos o sistema e a forma de comunicacións que se han de seguir durante o procedemento de adxudicación e durante a execución do contrato.

Asemade, o órgano de contratación, de conformidade co que regulamentariamente se determine en desenvolvemento da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, publicará na súa web a información prevista no artigo 10.3 desta Instrución segundo xa se indicou no apartado referido aos contratos harmonizados (Instrución 16.4.4.1).

18.4. Formalización do contrato.

Resulta de aplicación aquí o disposto na Instrución 16.4.6 para os contratos suxeitos a regulación harmonizada.

18.5. Tramitación de urxencia.

No caso de que a celebración do contrato sexa necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou resulte preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público, o órgano de contratación poderá declarar a urxencia na súa contratación. Nestes casos, os prazos para a licitación e adxudicación do contrato reduciranse á metade.

19. Contratos, salvo os de obras, de contía comprendida entre 18.000 euros (sen IVE) e 50.000 euros (sen IVE).

Nos contratos comprendidos entre 18.000 euros (sen IVE) a 50.000 euros (sen IVE), excepto no contrato de obras (Instrución 20), o órgano

de contratación poderá empregar o procedemento negociado sen publicidade, sen prexuízo de que poida escoller outro dos procedementos de adxudicación previstos nestas Instrucións.

O expediente, para este tipo de procedemento de contratación conterá a seguinte información e documentación:

- a) Memoria de necesidade elaboradora polo técnico responsable de contratación, na que se recollan as necesidades que vai cubrir o contrato, as características deste e o importe máximo de licitación.
- b) Xustificación da existencia de crédito suficiente.
- c) Definición das bases de negociación. Órgano de contratación elaborará un documento no que se recollan os requisitos e condicións para a oferta, o cal contará coa seguinte información:
 - Descrición do obxecto do contrato coas características esenciais do mesmo.
 - Prezo do contrato con especificación dos Impostos aplicables.
 - Duración e prórrogas do contrato
 - Documentación a presentar polos licitadores e forma e prazo de presentación das ofertas.
 - Lugar e prazo de execución do contrato.
 - Forma de pago e obrigaón da emisión da factura.
- d) Resolución do órgano de contratación aprobando o gasto e o expediente de contratación e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.
- e) Solicitude de ofertas, como mínimo, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que isto sexa posible.

- f) Negociación dos termos do contrato. O órgano de contratación poderá nomear a un membro do seu persoal como encargado das negociacións coas empresas licitadoras.
- g) No expediente deberase deixar constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas, das razóns da súa aceptación ou rexeitamento e dos termos das negociacións coas empresas.
- h) Acordo de adxudicación.
- i) Presentación, por parte do adxudicatario, da seguinte documentación:
- O último recibo do Imposto de Actividades Económicas (I.A.E) posto ao cobro, acreditativo de que o proponente exerce actividade relacionada co obxecto da contratación, ou declaración de estar exento.
 - Un certificado de estar ao corrente do pagamento das súas obrigas coa Seguridade Social respecto ao persoal laboral que traballa ao seu servizo.
 - Unha certificación de estar ao corrente do cumprimento das obrigas coa Facenda Estatal.
 - Unha certificación de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia.
 - No seu caso, xustificante de constitución da garantía definitiva.
- j) Formalización do contrato.

20. Contratos menores.

Considéranse contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros, máis a cota do IVE correspondente, cando se trate de contratos de obras, ou inferior a 18.000 euros, máis a cota do IVE correspondente, cando se trate doutros contratos.

Os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación necesaria para realizar a prestación.

Neste tipo de contratos, a tramitación do expediente de contratación esixirá:

- Aprobación do gasto polo órgano de contratación.
- Certificado da existencia de crédito suficiente.
- Incorporación ao expediente da factura correspondente, que deberá cumprir cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- No caso de contratos de obra, presuposto das obras e, nos casos en que así veña esixido, o proxecto da obra.

Neste tipo de contratos a factura fará ás veces de documento contractual, a non ser que o órgano de contratación decida formalizar o contrato.

Os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser prorrogables. Tampouco poderá darse a revisión de prezos.

EFFECTOS , CUMPLIMIENTO E EXTINCIÓN DE CONTRATOS.

21. Facturación e pagamento.

As condicións de facturación e pago figurarán nos pregos ou no contrato, dentro dos límites establecidos na normativa aplicable.

No caso de existir atraso ou mora no pago, o contratista deberá comunicar dita mora ou atraso á FUNGA.

No caso de que o contratista non efectuase dita comunicación, a FUNGA non está obrigada ao pago de intereses como consecuencia do ditado atraso.

22. Modificación do contrato.

O órgano de contratación poderá introducir modificacións no contrato cando existan razóns de interese público ou cando así se prevexa nos pregos ou no anuncio da licitación.

No segundo suposto as modificacións contractuais acordaranse na forma que se especificase no anuncio ou nos pregos.

En calquera caso, antes de proceder á modificación do contrato deberá darse audiencia ó contratista e ó redactor do proxecto ou das especificación técnicas, se estes preparáronse por un terceiro alleo ó órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

Será preceptivo o informe do Consello consultivo nos casos seguintes:

- a) Cando se formule oposición por parte do contratista.
- b) Cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa superior a 6.000.000 de euros.

- c) Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

23. Suspensión.

A FUNGA, por razóns xustificadas, poderá suspender, total ou parcialmente, a execución do contrato, sen prexuízo da compensación que, no seu caso, puidera corresponder ao contratista cando dita suspensión non lle fose imputable.

24. Cesión do contrato.

O adxudicatario poderá ceder os dereitos e obrigas dimanantes do contrato a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran a razón determinante da adxudicación do contrato.

Para que os adxudicatarios poidan ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Que a FUNGA autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
- Que o cedente teña executado polo menos un 20 por cento do importe do contrato.
- Que o cesionario teña capacidade para contratar e a solvencia que resulte esixible en cada caso concreto, se encontre debidamente clasificado no caso de que a mesma fora esixida ao cedente, e non estar incurso en causa de prohibición de contratar coa FUNGA.

O cesionario quedará subrogado en tódolos dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente.

25. Subcontratación.

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación salvo que os pregos, ou no seu caso, o contrato, dispoñan o contrario ou que pola súa natureza e condicións se deduza que aquel debe ser executado directamente polo adxudicatario.

A celebración dos subcontratos estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Os licitadores deberán indicar na oferta a parte do contrato que teña previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou perfil empresarial dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización, definido por referencia aso criterios de selección cualitativa establecidos no anuncio ou nos pregos..
- As pretensións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder da porcentaxe que se fixe nos pregos. No suposto de que non figure nos pregos un límite especial, o contratista poderá subcontratar ata un porcentaxe que non exceda do 60 por cento do importe de adxudicación. A efectos de cómputo deste porcentaxe máximo, non se terán en conta os subcontratos concluídos con empresas vinculadas ao contratista principal, entendéndose por tales as que se atopen nalgúns supostos previstos no artigo 42 do Código do Comercio. Para xustificar este dato os adxudicatarios que pretendan subcontratar deberán presentar unha declaración responsable da existencia de tal vinculación.

Os subcontratistas deberán cumprir os requisitos que se esixan nos pregos, incluída a esixencia de non estar incursos en causa de prohibición para contratar coa FUNGA.

Asemade, os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por celebrarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente na mesma ou por referirse a partes de prestación diferentes ás sinaladas nela, non poderán celebrarse ata que transcorran vinte días dende que se houbese cursado a notificación e aportado os xustificantes, sempre que a FUNGA non houbese notificado dentro deste prazo a súa oposición aos mesmos. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas foran identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil

profesional. Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días se a súa celebración é necesaria para atender unha situación urxente ou que esixa a adopción de medidas inaprazables e así se xustifique suficientemente.

A infracción das condicións establecidas anteriormente para proceder á subcontratación, así como a falta de xustificación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de urxencia da subcontratación, poderá dar lugar, en todo caso, á imposición ao contratista dunha penalidade ata o 50% do importe do subcontrato.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á FUNGA.

O contratista obrigárase a aboar aos subcontratistas o prezo pactado nos termos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, polo que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Asemade, o contratista deberá cumprir respecto dos subcontratos, as obrigas establecidas na lexislación laboral, ademais de calquera outra relativa á Seguridade Social, á Seguridade e Saúde no traballo e prevención de riscos laborais, así como fiscais.

26. Penalidades.

O órgano de contratación establecerá os supostos de aplicación de penalidades, que poderán contemplar a execución defectuosa da prestación obxecto do contrato, sobre consideracións de tipo medioambiental ou social, etc. Estas penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá

ser superior ao vinte por cento do importe da adxudicación, se o órgano de contratación non sinala outro porcentaxe distinto nos pregos.

Asemade, a imposición de penalidades poderá estar referida á demora na execución do contrato, xa sexa por retrasos nos prazos parciais ou no prazo total.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte do órgano de contratación.

Tamén se poderán impoñer penalidades por incumprimento das condicións que para a subcontratación se establecen na Instrución 26.

O procedemento para a imposición de penalidades será o seguinte:

1. O órgano de contratación comunicará por escrito ó contratista a proposta de penalización coa enumeración dos feitos que a motiven.
2. O contratista disporá dun prazo de dez días naturais, contados a partires do recibo da comunicación anterior, para prestar as alegacións que estime oportunas.
3. Unha vez recibidas as alegacións do contratista ou expirado o prazo sen que se reciban, o órgano de contratación resolverá o que estime procedente, ratificando, anulando ou modificando a penalización, que deberá notificarse no prazo de quince días naturais a contar dende o día en que adopte a citada resolución.

Os pregos indicarán as penalidades aplicables, a súa valoración, graduación no seu caso, e a forma de abono que poderá contemplar a dedución das cantidades que en concepto de pago total ou parcial deban aboarse ao contratista, mediante compensación dos pagamentos que proceda realizar ao contratista, ou ben mediante incautación da garantía definitiva que no seu caso constituíra, en cuxo caso quedará obrigado a repoñela ao seu importe inicial.

27. Causas de resolución.

Serán causas específicas de resolución contractual, sen prexuízo doutras concretas que poidan establecer os pregos, as seguintes:

- Non dispoñer dos medios que, en fase de acreditación da súa solvencia, se houbera comprometido a ter a súa Instrución para a execución do contrato.
- Superar o 20% do importe do contrato na aplicación de penalidades ou, no seu caso, do porcentaxe que establezan os pregos.
- O incumprimento culpable das obrigas que os pregos consideren esenciais.
- A falta de pago do prezo, por parte da FUNGA, nos prazos establecidos.
- A demora no cumprimento do prazo, por parte do contratista, por causa imputable ao mesmo, en canto a que ocasiona a nulidade de adxudicación.
- Mutuo acordo das partes.
- A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual se non fose posible a continuación do contrato cos herdeiros ou sucesores daquel.
- Nos casos en que se produza a sucesión de empresas (nos supostos de difusión, escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade de empresas nas que participe a sociedade contratista), cando a empresa subrogada na posición do contratista inicial nos dispoña da solvencia esixida ó acordarse a adxudicación.

Cando a resolución do contrato se deba a un incumprimento culpable do contratista levará aparellada a execución da garantía definitiva, debendo tamén o contratista resarcir á FUNGA dos danos e prexuízos que como consecuencia resolución se lle causasen.

INSTRUCCIÓN FINAIS

28. Cómputo de prazos.

Os prazos establecidos por días nas presentes Instrucións entenderanse referidos a días naturais, salvo que nas mesmas indíquese expresamente que só deben computarse os días hábiles. No entanto, se o último día de prazo fose inhábil, este entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

29. Entrada en vigor.

As presentes Instrucións internas de contratación entrarán en vigor o mesmo día que sexan aprobadas polo Padroado da FUNGA, queden incorporadas ó Libro de Actas do Secretario e sexan publicadas na súa páxina Web, aplicándose a aqueles expedientes de contratación que se inicien con posterioridade a devandita data.

As modificacións das Instrucións deberán ser aprobadas seguindo o procedemento aplicable a inseriranse inmediatamente logo da súa aprobación no Perfil de Contratante, momento a partir do cal despregarán os seus efectos.